



CONCELLO DE SADA

## ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada ditou o 18 de outubro de 2016 o Decreto núm.1657 que a continuación se transcribe literalmente:

"Asunto: *Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo dun (1) posto de operario tractorista.*

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo para a contratación laboral temporal a tempo completo, dentro do colectivo de persoas desempregadas e incluídas en situacións de exclusión laboral (maiores de 45 anos ou parados de longa duración), baixo a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado, mediante o sistema selectivo de concurso-oposición en quenda libre dun (1) posto de operario tractorista. E de conformidade co disposto nas bases da convocatoria aprobadas polo Decreto desta Alcaldía núm. 1525/2016, do 22 de setembro, polo presente resolvo:

1º.- Aprobar a seguinte relación definitiva de persoas admitidas ao non existir persoas excluídas:

**PERSOAS ADMITIDAS:**

Nº orde	DNI	Apelidos e nome
1	32774078K	Grille Rellán, Manuel
2	34973975Z	Kerpache García, Luis

A listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas estará exposta ao público, no Taboleiro de Edictos Municipal.

2º.- A constitución do Tribunal Cualificador e a fase de oposición terá lugar o vindeiro xoves, día 20 de outubro de 2016 a partires das 12:30h, na nave da Brigada de Obras municipal, situada na Avda. Sada e os seus contornos s/n de Sada A proba práctica desenvolverase no Centro de Día de Mondego, situado no Lg. de Quintán 20C na mesma data ás 13:00h. Data e hora na que se convoca ás persoas aspirantes, que deberán comparecer co seu DNI

3º.- O Tribunal Cualificador estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Valentín Medina Prieto, enxeñeiro técnico do Concello de Sada.

Suplente: José Antonio Salinas Brandariz, arquitecto técnico do Concello de Sada

Secretario: Luisa Celis Sanmiguel, técnica de emprego-axente de desenvolvemento local do Concello de Sada

Suplente: Isabel Dolores Blanco Barral, auxiliar de admón. xeral do Concello de Sada

Vogais:

Titular: José Antonio Vázquez Insua, encargado da brigada de obras do Concello de Sada

Suplente: Juan Carlos Cela Rodríguez, operario de servizos do Concello de Sada

Titular: Enrique Castro Suárez, delineante do Concello de Sada

Suplente: Ramón Pampillo Deibe, operario de servizos do Concello de Sada

Titular: José Antonio Gómez Ríos, operario sepultureiro do Concello de Sada

Suplente: Diego García Dorado, operario de servizos do Concello de Sada

Titular: Julio Sobrino Escolano, operario de servizos do Concello de Sada

Suplente: José Francisco Rey Mosquera, operario de saneamento do Concello de Sada

O que se publica para xeral coñecemento

Sada, 18 de outubro de 2016

O Alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

**-Taboleiro**

**-Web**